



**Proxecto de Orde pola que se modifica o Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.**

A disposición derradeira segunda do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, establece que o seu anexo pode ser modificado mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

A primeira modificación do devandito anexo fíxose pola Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública do 10 de marzo de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm.61 do 31.03.2021).

En virtude da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, créanse unha serie de escalas de persoal funcionario de carreira en previsión dos procedementos de funcionarización.

A presente Orde responde á finalidade de recoller de xeito completo e ordenado todas as categorías profesionais do persoal laboral da Xunta de Galicia que son susceptibles de ser sometidas aos procesos de funcionarización.

A presente Orde cumpre os principios de boa regulación establecidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 34.6 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

ACORDO

Artigo único.- *Obxecto*

Modifícase o Anexo do Decreto 165/2019 do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo

persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, que queda redactado como segue

## ANEXO

### Equivalencias entre as categorías profesionais de persoal laboral e as escalas de persoal funcionario

#### Grupo I

Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente
I-02: Titulado/a superior médico/a I-25: Titulado superior médico/a (especialidade medicina deportiva)	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de facultativos Especialidade de medicina (subgrupo A1)
I-03: Titulado /a superior químico/a.	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de ciencias Especialidade de química (subgrupo A1)
I-10: Titulado/a superior biólogo/a.	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de ciencias Especialidade de bioloxía (subgrupo A1)
I-01: Director/a de Residencia. Director/a Centro Educativo. Director/a de residencia xuvenil. Técnico/a Deportivo/a. Xefe/a Internado/a	Corpo superior da Administración xeral da C.A. de Galicia (Subgrupo A1) ou corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia- Escala de enxeñeiros-Especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos ou Especialidade de enxeñaría industrial (subgrupo A1)
I-04: Titulado/a superior	
I-09: Titulado/a Superior Economista	
I-14: Titulado/a Superior Sociólogo/a	
I-19: Titulado/a Superior Especialista. Farmacéutico/a	
I-21: Técnicos/as de protocolo	
I-23: Documentalista	
I-27: Coordinador/a de actividades externas	
I-29: Xefe do departamento de Persoal e Xestión Económica- Administrativa do IGAEM	
I-30: Relacións públicas do IGAEM	
I-31: Titulado/a superior de formación ocupacional	
I-05: Titulado/a superior veterinario/a	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de veterinarios (subgrupo A 1).
I-06: Titulado/a superior psicólogo/a	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de facultativos Especialidade de psicoloxía (subgrupo A1).



Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente
I-11: Titulado/a superior pedagogo/a	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de facultativos Especialidade de pedagogía (subgrupo A1).
I-17: Bibliotecario/a	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos- Especialidade de bibliotecas (subgrupo A1).
I-18: Licenciado/a informático/a	Corpo superior da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala de sistemas e tecnoloxía da información (subgrupo A1)
I-37: Titulado superior ambiental	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de ciencias-Especialidade bioloxía; ou Especialidade química; ou Especialidade ciencias do mar (subgrupo A1). Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de Enxeñeiros-Especialidade enxeñaría de montes (subgrupo A1).
I-38: Técnico/a superior en defensa contra incendios	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de Enxeñeiros Especialidade de enxeñaría de montes (subgrupo A1)
I-40: Titulado/a superior lingüista	Corpo facultativo superior de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de expertos/as lingüistas (subgrupo A1)

## Grupo II

Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente
II-01 : Director – administrador. Director/a de centro social. Director/a casa xuventude. Director/a de centro. Director/a clínica deportiva. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM.	Corpo de Xestión da Administración Xeral da C.A. de Galicia (subgrupo A 2) ou corpo facultativo de grao medio de Administración especial da C.A. de Galicia- Escala de enxeñeiros técnicos- Especialidade de enxeñaría técnica agrícola (subgrupo A2)
II-07: Titulados/as de grao medio.	
II-21: Monitor/a ocupacional	
II-37: Titulado medio de formación ocupacional	
II-02: ATS. Enfermeiro/a. Practicante. DUE	Corpo facultativo de grao medio de Administración Especial da Administración Xeral da C.A. de Galicia Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Enfermaría (subgrupo A2)
II-06: Educador/a Profesor/a especial II-08: Director/a de gardarías infantil II-40: Mestre/a especialista en educación infantil	Corpo facultativo de grao medio de Administración Especial da Administración xeral da C.A. de Galicia Escala de técnicos facultativos Especialidade de educador social ou Especialidade de educador infantil (subgrupo A2 )



Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente
II-11: Fisioterapeuta	Corpo facultativo de grao medio de Administración Especial da Administración xeral da C.A. de Galicia da C.A. de Galicia – Escala de técnicos facultativos Especialidade de fisioterapia (subgrupo A2)
II-13: Logopeda	Corpo facultativo de grao medio de Administración Especial da Administración xeral da C.A. de Galicia Escala de técnicos facultativos Especialidade de logopedia (subgrupo A2)
II-17: Asistente/a social	Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia Escala de técnicos facultativos Especialidade de traballo social (subgrupo A2 )
II-20: Terapeuta ocupacional	Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia. Escala de técnicos facultativos Especialidade de terapia ocupacional (subgrupo A2 )
II-27: Técnico/a superior diplomado/a en informática	Corpo de xestión da Administración xeral da C.A. de Galicia. – Escala de xestión de sistemas de informática (subgrupo A2)
II-30: Técnico/a en animación sociocultural	Corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala de axentes técnicos facultativos – Especialidade de animación sociocultural (subgrupo B)
II-31: Restaurador/a	Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia Escala técnica de restauración-Especialidade de documentos gráficos ou Especialidade de bens artísticos e arqueolóxicos (subgrupo A2)
II-39: Técnico/a forestal defensa contra incendios forestais	Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia. Escala de enxeñeiros técnicos Especialidade de enxeñaría técnica forestal (subgrupo A2)
II-41:Técnico ambiental	Corpo facultativo de grao medio – Escala de enxeñeiros técnicos Especialidade de enxeñaría técnica forestal (subgrupo A2)



Grupo III

Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente
<p>III-02: Encargado/a administrativo/a, xefe/a de negociado, xefe/a de administración, xefe 2ª administración, administrador/a, secretario/a administrador/a residencia xuvenil, administrador/a de produción de centros, secretario/a de dirección do IGAEM, axudante/a de dirección e difusión da música, axudante/a de dirección e difusión do CDG</p>	<p>Corpo Administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia (subgrupo C1)</p>
<p>III-05: Intendente, encargado/a de establecemento, encargado/a de almacén</p>	
<p>III-32 Encargado/a de reprografía</p>	
<p>III-33: Encargado/a supervisor de telefónica.</p>	
<p>III-38: Supervisor/a radioteléfono. Xefe Sala CECOP.</p>	
<p>III-40: Axudante/a de produción</p>	
<p>III-48: Axudante auxiliar inspección tributaria</p>	
<p>III-62: Oficial/a 1ª administrativo/a, oficial/a administrativo/a, secretario/a administrativo/a administrativo/a provincial, administrativo/a agrupación, administrativo/a, inspector/a administrativo/a</p>	
<p>III-04: Gobernante/a, gobernante servizos domésticos, encargado/a de lavadoiro, roupeiro, ferro de pasar</p>	<p>Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia- Escala técnica de gobernantes/as. Especialidade gobernante/a</p>
<p>III-78: Subgobernante/a</p>	
<p>III-01: Encargado/a de equipos mecánicos. Mecánico/a supervisor/a. Axente auxiliar de inspección. Contramestre.</p>	<p>Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia- Escala técnica de mantemento de servizos (subgrupo C1)</p> <p>O persoal da categoría profesional III-69 destinado no Instituto de Estudos do Territorio (IET) funcionarízase no corpo administrativo de Administración xeral da CA de Galicia (subgrupo C1)</p>
<p>III-06: Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento. Conservador/a de edificios. Encargado/a oficios varios mantemento. Xefe/a de taller. Encargado/a de traballos. Especialista de oficios.</p>	
<p>III-69: Oficial/a servizos técnicos. Oficial/a 1ª de mantemento. Oficial/a 1ª de oficios varios. Oficial/a de 1ª.</p>	
<p>III-82: Mecánico inspector. Oficial/a 1ª mecánico/a. Técnico/a auxiliar.</p>	



Categoría profesional persoal laboral	Escala de persoal funcionario equivalente:
III-07: Técnico/a práctico/a en C. E vixilancia de obras, técnico/a	Corpo Administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala de axentes de inspección-Especialidade de vixilancia de estradas (subgrupo C1)
III-08: Encargado/a xeral.	
III-09: Técnico/a práctico/a en control e vixilancia de obras, explotación e conservación de estradas.	
III-23: Celador/a de estradas, capataz de brigada.	
III-60: Auxiliar técnico/a de obra, auxiliar técnico/a de obra TIE.	
III-64: Oficial/a 1ª tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada	
III-67: Capataz de obras, capataz cuadrilla, xefe/a equipo, oficial/a 1ª obra CTOP, capataz	
III-11: Encargado/a agrario/a. III-68: Oficial/a 1ª agrario/a. Capataz agrario. III-80: Capataz establecemento.	Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala técnica de recursos naturais e forestais - Especialidade de capataz; ou Especialidade de mecánico naval; ou Especialidade de patrón de embarcación ou Especialidade de guía de intérprete de patrimonio natural (subgrupo C1)
III-14: Xefe/a de cociña. III-65: Oficial/a 1ª de cociña. Oficial/a 1ª cociñeiro/a. Xefe/a cociña. Cociñeiro/a de 1ª.	Corpo de axudantes de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala técnica de cociña (subgrupo C1)
III-17: Analista de laboratorio	Corpo de axudantes de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala técnica de análises de laboratorio (subgrupo C1)
III-29: Delineante de 1ª	Corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala técnica de delineantes (Grupo B)
III-30: Programador/a	Corpo administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia - Escala técnica auxiliar de informática (subgrupo C1)
III-91: Técnico/a especialista en informática	
III-49: Axente auxiliar de inspección de transportes	Corpo administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia- Escala de axentes de inspección Especialidade de mobilidade (subgrupo C1)
III-50: Técnico/a especialista en xardín de infancia  (técnicos/as superiores en educación infantil)	Corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da C.A. de Galicia-Escala de axentes técnicos facultativos  Especialidade de educación infantil (grupo B)
III-63: Oficial/a 1ª condutor. Condutores/as.	Corpo de axudantes de carácter facultativo de administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala técnica de conducción (subgrupo C1).



<b>Categoría profesional persoal laboral</b>	<b>Escala de persoal funcionario equivalente:</b>
III-90: Animador/a sociocultural	Corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de axentes técnicos facultativos Especialidade animación sociocultural (Grupo B)
III-100: Bombeiro/a Forestal xefe/a de brigada	Corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración especial da C.A. de Galicia – Escala técnica do SPDCIF Especialidade bombeiro/a forestal xefe/a de brigada (Grupo B)

#### Grupo IV

<b>Categoría profesional persoal laboral</b>	<b>Escala persoal funcionario equivalente</b>
IV-01: Auxiliar gravación, oficial/a 2ª linotipista, auxiliar administrativo/a, oficial/a administrativo/a, técnico/a auxiliar de informática, operador/a maquinaria elemental, auxiliar	Corpo auxiliar de Administración xeral da C.A. de Galicia (subgrupo C2)
IV-17: Almaceneiro/a, despenseiro/a	
IV-22: Oficial/a segunda de reprografía	
IV-28: Auxiliar produción - dirección	
IV-30: Auxiliar de formación ocupacional	
IV-32: Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios forestais	
IV-03: Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de auxiliares de clínica (subgrupo C2)
IV-04: Auxiliar fogar, cuidador/a auxiliar, auxiliar cuidador/a, auxiliar de internado. III-99: Coidador/a extinguir.	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de cuidadores (subgrupo C2)
IV-05: Oficial 2ª de cociña. Cociñeiro/a oficial 2ª.	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de cociña (subgrupo C2)
IV-06: Axudante/a de servizos técnicos. Oficial 2ª de establecemento. IV-18: Oficial de segunda.	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de mantemento (subgrupo C2).
IV-09: Oficial/a 2ª agrario. IV-40: Oficial/a 2ª forestal. IV-42: Oficial/a de establecemento.	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de recursos naturais e forestais - Especialidade de oficial ou Especialidade de mariñeiro-vixilante(subgrupo C2)
IV-11: Auxiliar de laboratorio	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de laboratorio (subgrupo C2)
IV-16: Conductor/a	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de conducción (subgrupo C2)



<b>Categoría profesional persoal laboral</b>	<b>Escala persoal funcionario equivalente</b>
IV-33: Bombeiro/a forestal condutor de motobomba	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia-Escala auxiliar do SPDCIF - Especialidade bombeiro/a forestal -conductor/a motobomba (subgrupo C2)
IV-35: Auxiliar de arquivos e bibliotecas.	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia - Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos - Especialidade arquivos e bibliotecas (subgrupo C2)
IV-36: Auxiliar de museos	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia - Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos - Especialidade de museos (subgrupo C2).
IV-43: Xerocultor/a	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C. A. de Galicia- Escala de xerocultor/a (subgrupo C2)
IV-20: Conserxe	Corpo auxiliar de Administración xeral da C.A. de Galicia -Escala de PSX (subgrupo C2)
IV-44: PSX	
V-09: Celador/a de 2ª. Vixiante de recursos naturais	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia-Escala de gardas de recursos naturais (subgrupo C2)

## Grupo V

<b>Categoría profesional persoal laboral:</b>	<b>Escala persoal funcionario equivalente</b>
V-03: Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalerno/a, porteiro/a recepcionista, telefonista, sereno/a, garda.	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración Xeral da C.A.de Galicia - Escala de persoal subalerno.
V-10E: vixilante de arquivos, bibliotecas e museos	
V-12: peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, mozo/a subalerno, mozo/a mantemento/a, mozo/a subalerno.	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración Xeral da C.A. de Galicia- Escala de persoal auxiliar de mantemento
V-02: Axudante/a traballos u oficios. Axudante albanel. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n Axudante de traballos. Encargado/a xardín.	





Categoría profesional persoal laboral:	Escala persoal funcionario equivalente
V-01: Camareiro/a limpador/a. Axudante de cociña. Pasador/a de ferro. Costureiro/a. Cortador/a Lavandeiro/a  V-11: Limpador/a. Fregador/a Empregado/a comedor. Empregado/a de cociña – pinche. Servizo doméstico. Mozo/a de limpeza. Pinche de cociña. Persoal servizos xerais.	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración Xeral da C.A.de Galicia – Escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais  Especialidade persoal de limpeza e cociña.
V-10B: Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala auxiliar do SPDCIF  Especialidade de Vixilante Fixo (subgrupo C2)
V-10C: Emisorista de defensa contra incendios forestais	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala auxiliar do SPDCIF  Especialidade Emisorista (subgrupo C2)
V-08: Peón/oa agrario/a  V-10 F:Peón/oa forestal.	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da C.A.de Galicia – Escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais  Especialidade persoal de recursos naturais e forestais.
V-14: Bombeiro/a Forestal  V-14A: Bombeiro/a forestal condutor/a	Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia - Escala auxiliar do SPDCIF  Especialidade Bombeiro/a Forestal (subgrupo C2)

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado